

2022 Centenario do nacemento de Carlos López García-Picos (1922–2009)

MARÍA DEL CARMEN LORENZO VIZCAÍNO*
JAVIER ARES ESPÍÑO

No ano 2022 cumpríronse cen anos do nacemento de Carlos López García-Picos (Betanzos, 1922-Oleiros, 2009), músico senlleiro que mantivo sempre un alto compromiso coa causa galega. Exiliouse a Arxentina en 1940 e dende a súa chegada integrouse no Centro Betanzos e no Centro Galego de Bos Aires, onde participou na nutrida actividade cultural que esas institucións realizaban, destacando a súa faceta como director de coros. Na década dos 50 García-Picos iniciou a súa actividade compositiva, baixo a supervisión do mestre Jacobo Ficher e dentro dunha estética vangardista. O posterior éxito da estrea de *La farsa de la búsqueda* no Teatro Colón de Bos Aires propiciou que obtivese unha beca para continuar os seus estudos na Scholla Cantorum e no Conservatorio Nacional de París. De volta en Arxentina integrouse na vida cultural bonaerense, formou parte da Asociación de Jóvenes Compositores de la Argentina e realizou múltiples estreas. No ano 1984 regresou a Galicia, continuou a súa actividade creativa e participou na fundación da Asociación Galega de Compositores, da que foi o seu primeiro presidente¹.

Este proxecto de conmemoración do centenario do seu nacemento en 2022, xurdiu co obxectivo de poñer en valor a figura de Carlos López García-Picos como representante da galegitude e da vangarda musical bonaerense e galega. Na creación e desenvolvemento deste proxecto estiveron implicados Teresa López Ares (filla do compositor e doutora pola Universidad de Alcalá de Henares), María del Carmen Lorenzo Vizcaíno (doutora pola Universidade de Santiago de Compostela, encargada do Arquivo da Real Filharmonía de Galicia e profesora da Universidad Internacional de La Rioja), Manuel Alejandro Salgueiro García (fagot na Orquestra Sinfónica de Galicia, membro de Zoar Ensemble e Máster pola Universidad Internacional de Valencia) e Javier Ares Espiño (doutor pola Universidade de Santiago de Compostela e catedrático de piano no Conservatorio Superior de Música da Coruña). O resultado final que se presenta neste artigo constata os numerosos actos realizados, artellados nun equilibrio entre a investigación e a divulgación e na que destacan as publicacións de diversos tipos, a difusión cultural en distintos ámbitos e a realización dun considerable número de concertos con numerosas estreas absolutas.

A continuación preséntase o resumo dos actos principais deste proxecto de conmemoración do Centenario do nacemento de Carlos López García-Picos².

***María del Carmen Lorenzo Vizcaíno** é doutora pola Universidade de Santiago de Compostela, encargada do Arquivo da Real Filharmonía de Galicia e profesora da Universidad Internacional de La Rioja. **Javier Ares Espiño** é doutor pola Universidade de Santiago de Compostela e catedrático de piano no Conservatorio Superior de Música da Coruña. Grupo Organistrum.

Traballo realizado dentro do I+D+i «Galicia-América: Música civil, ideoloxía e identidades culturais a través do Atlántico (1800-1950)» (PID2020-115496RB-I00I) AEI/10.13039/501100011033 e do proxecto «Estudios Históricos de Música en Galicia (ss. XI-XX)» financiado pola Xunta de Galicia dentro das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas (GPC) (ED431B 2021/09).

Xornada no Consello da Cultura Galega. Data: 22 de febreiro de 2022. Lugar: Sede do Consello da Cultura Galega, Pazo de Raxoi, Praza do Obradoiro, Santiago de Compostela.

O título da xornada foi «Perspectivas atlánticas na transculturación musical do Século XX». Carlos López García-Picos integrouse plenamente na vangarda musical arxentina e entre os persoeiros do galeguismo bonaerense. Igual ca moitos outros creadores musicais migrantes, transitou na disxuntiva de tradicionalismo ou vangarda. A xornada que organizou a Sección de Artes Escénicas, Musicais e Audiovisuais do Consello da Cultura Galega abordou a súa figura pero tamén outros temas coma o asociacionismo migratorio, os coros, o asociacionismo musical, a nostalxia da terra abandonada ou os retornos a Galicia.



Imaxe 01. Portada de *Obras para violín e violonchelo* de Carlos López García-Picos, transcripción de Joám Trillo, Consello da Cultura Galega, 2022.

Comezou o acto coa presentación realizada pola Presidenta do Consello da Cultura Galega, Rosario Álvarez, e, seguidamente, do Catedrático de Música da Universidade de Santiago de Compostela Carlos Villanueva, quen realizou a primeira palestra cunha contextualización xeral dos músicos galegos na emigración americana. Continuou a xornada cunha conversa a tres entre María Fouz Moreno, María del Carmen Lorenzo Vizcaíno e Javier Ares Espiño, na que se puxo o foco no galeguismo musical bonaerense confrontando as figuras de Isidro Maiztegui e Carlos López García-Picos.

Despois disto, presentouse a publicación *Obras para violín e violonchelo*, onde se reúne unha parte importante do seu legado inédito de partituras e que está editada por Joám Trillo³. Por último, como remate do acto, houbo un concerto de violonchelo e piano con obras de Carlos López García-Picos. Os intérpretes, Teresa Morales Diego (violonchelo) e Javier Ares Espiño (piano), presentaron un programa formado por dúas pezas: *Canto elexíaco, A. 73 «Homenaxe póstumo a Eduardo Blanco Amor»* e a estrea absoluta de *Bocetos sonoros, A. 105*, obra adicada «ao amigo e gran artista Isaac Díaz Pardo»⁴.

Ciclo de concertos da Deputación Provincial da Coruña. Concerto de Mariñán. Data: 29 de abril de 2022. Lugar: Pazo de Mariñán, Bergondo. Ciclo de seis concertos de música de cámara (voz e piano; violonchelo e piano). Datas: 7, 14, 20, 21 e 28 de maio de 2022 e 17 de xuño de 2022. Lugares: Betanzos, Rianxo e As Pontes.

O 18 de abril de 1986 tivo lugar no Pazo de Mariñán un concerto de especial relevancia na historia musical contemporánea galega. O acto estivo organizado pola Deputación Provincial da Coruña e pola Agrupación Cultural “O Facho” e o intérprete foi o pianista francés Jean Pierre Dupuy, que deu vida a diversas partituras dunha xeración emerxente de músicos coruñeses. O crítico musical Julio Andrade Malde realizou unha recensión días despois na revista *Ritmo*, onde apuntaba o dato de que a media de idade era de 26 anos, exceptuando a García-Picos, quen xa contaba cunha longa traxectoria internacional e que regresara a Galicia no ano 1984, tras 44 anos radicado en Bos Aires.



Imaxe 02. Concerto do Pazo de Mariñán, 27 de abril de 2022. De esquerda a dereita: Manuel Iglesias, Juan Durán, Miguel Anxo Fernán Vello, Fernando V. Arias, Margarita Viso e Paulino Pereiro.

Este Concerto de Mariñán ten unha íntima relación coa creación en 1987 da Asociación Galega de Compositores (AGC), da que García-Picos foi membro fundador e presidente durante a súa primeira etapa. El xa tivera a experiencia previa de formar parte da Asociación de Jóvenes Compositores de la Argentina e dentro das súas

actividades realizou importantes estreas no Teatro Colón de Bos Aires, como *Sindy, A. 31* (1976) e *Ra-rá, A. 37* (1981). O presentador do acto foi Miguel Anxo Fernán Vello, quen tamén xogou un papel decisivo na xestación do concerto. Sinalaba Fernán Vello que este grupo de compositores «conforman, por primeira vez na historia musical de Galiza, unha importante xeración de músicos compositores» e súa tamén é a afirmación de que estes «son os músicos da nosa vitoria».

O presentador desta reedición do Concerto de Mariñán foi novamente Miguel Anxo Fernán Vello e, neste caso, os pianistas foron Julio Mourenza Torreiro e Jorge Briones Martínez⁵. O programa interpretado foi o seguinte:

Carlos López García-Picos (Betanzos, 1922 - Oleiros, 2009): 14 estruturas para piano, A. 35
Manuel Iglesias (Barcelona, 1967): Movimiento para piano
Juan Durán (Vigo, 1960): Sonata Veneciana
Fernando V. Arias (Melide, 1957): Campás melidenses
Margarita Viso (A Coruña, 1957): En-re-do
Paulino Pereiro (A Coruña, 1957): Atlante, op. 5
Manuel Balboa (A Coruña, 1958 - Madrid, 2004): Cunha esquezada mistura de espellos

Este ciclo de concertos, organizado pola Deputación da Coruña, completouse con seis concertos repartidos nas localidades de Betanzos, Rianxo e As Pontes, onde se interpretaron dous programas adicados ás formacións de voz e piano e violonchelo e piano⁶.

O programa de voz e piano contou coa participación da soprano Susana de Lorenzo e o pianista Alejo Amoedo. O eixe do programa deste concerto foron as *Dúas cancións* de Carlos López García-Picos, integradas nun conxunto de música para voz e piano de compositores galegos. *Campo* e *Hoy buscarás* en vano son os títulos das *Dúas cancións* baseadas nas poesías homónimas de Antonio Machado; estas obras permaneceron moitos anos desaparecidas, coa única referencia dun artigo de Luís Seoane onde informaba da súa existencia. Son unha *rara avis* no catálogo do compositor betanceiro, que esquivou premeditadamente a voz na súa busca dunha nova música coa que contribuír ao patrimonio artístico galego. A proposta neste concerto transitou nunha dirección case oposta ás iniciativas propiciadas polo crítico ourensán Antonio Fernández-Cid (1916-1995) como o “Festival de la canción gallega de Pontevedra” (1960-1967), onde compositores españois (non galegos) e portugueses musicaban textos galegos, ou a iniciativa «Doce canciones gallegas», na que a Deputación de Ourense encargou diversas composicións tamén sobre textos galegos a algúns destacados autores dos anos 50 do pasado século. A música aparece ordenada seguindo un criterio cronolóxico dos autores e establecendo múltiples conexións entre todos os compositores e especialmente no caso de García-Picos, no que a súa traxectoria vital, dividida en etapas entre Galicia, París e Bos Aires, permite establecer múltiples vínculos. Compre destacar a íntima ligazón entre García-Picos e Neira Vilas, co que compartiu vivencias en Bos Aires e co que se reencontrou anos despois en Galicia. Neira Vilas é o autor dos textos aos que puxo música o compositor Juan Durán.

O programa interpretado nos tres concertos de voz e piano foi o seguinte:

Marcial del Adalid Gurrea (A Coruña, 1826 - Oleiros 1881)
- Mondariz. Texto: Fanny Garrido
- Frouseira, triste frouseira. Texto: Fanny Garrido

- ¡Pesóulle! Texto: Fanny Garrido
- A noite de San Xoan. Texto: Fanny Garrido
- Eugenia Osterberger Luard (Santiago de Compostela, 1852 - Niza, 1932)
 - Falas de nai. Texto: Marqués de Figueroa
 - Neve. Texto: Filomena Dato
 - Les roses de Saadí. Texto: Desbordes Valmore
- Andrés Gaos Bera (A Coruña, 1874 - Mar del Plata, 1959)
 - En mai. Texto: Heinrich Heine
 - Fleurs d'amour. Texto: Paul Collin
 - Le rose. Texto: H. C. Andersen
- Carlos López García-Picos (Betanzos, 1922 - Oleiros, 2009)
 - Dúas canciós. Textos: Antonio Machado
 - Campo
 - Hoy buscarás en vano...
- Juan Durán Alonso (Vigo, 1960)
 - Paísaxe. Texto: Xosé Neira Vilas
 - Piñeiro. Texto: Xosé Neira Vilas

MAIO	VIOLONCHELO E PIANO <i>Obras de Falla, García-Picos, Maiztegui e Piazzolla</i> Teresa Morales Diego VIOLONCHELO Javier Ares Espiño PIANO	VOZ E PIANO <i>Obras de Adalberto Osterberger, Gaos, García-Picos e Durán</i> Susana de Lorenzo VOZ Alejo Amoedo PIANO	
	AS PONTES Salón de actos da Casa Dopeso	SÁBADO, 7 12.00 h.	SÁBADO, 14 12.00 h.
	RIANXO Auditorio Municipal	VENRES, 20 21.00 h.	SÁBADO, 21 21.00 h.
BETANZOS Aula de Cultura Xulio Cuns	SÁBADO, 28 20.30 h.	VENRES, 27 20.30 h.	

Imaxe 03. Cartel do «Ciclo de Concertos Carlos López García-Picos. 1922-2022 Centenario do nacemento. Deputación da Coruña».

No caso do programa de violonchelo e piano os intérpretes foron Teresa Morales Diego e Javier Ares Espiño. O programa articulouse ao redor dunha contextualización musical do panorama arxentino e español do século XX nun formato de solista e de dúo. A figura de Falla foi unha influencia de ámbito internacional na meirande parte dos compositores que o suceden e o compositor betanceiro non foi unha excepción. Ademais está o feito de que García-Picos viviu durante máis de 40 anos en Bos Aires, unha longa etapa que xustifica a inclusión neste repertorio dunha das máis relevantes figuras da creación musical nese ámbito xeográfico, como é o caso de Astor Piazzolla. Máis íntima é a relación das figuras de Maiztegui e García-Picos. Aínda que chama a atención que mentres o primeiro presenta un percorrido vital Arxentina-España-Arxentina, o segundo trazou na súa biografía o camiño Galicia-Arxentina (París)-Galicia. A súa confluencia produciuse no contexto das asociacións de emigrantes galegos en Bos Aires e ambos foron directores do coro “Os Rumorosos” do Centro Betanzos de Bos Aires e co-fundadores do coro do Centro Galego de Bos Aires. Destacamos tamén a obra para violonchelo solo adicada a Blanco Amor, figura esencial na biografía de García-Picos, xa que foi

o organizador dunha colecta entre a colectividade galega en Bos Aires para sufragar os gastos da viaxe que o compositor fixo para continuar a súa formación musical en París no ano 1957.

O programa dos tres concertos de violonchelo e piano estivo formado polas seguintes obras:

- Manuel de Falla (Cádiz, 1876 - Alta Gracia, 1946)
 - Siete canciones populares españolas [Transcripción de Maurice Maréchal]
Canción; Nana; El paño moruno
- Carlos López García-Picos (Betanzos, 1922 - Oleiros, 2009)
 - 6 pequeñas piezas infantiles en sol menor, A. 57 [piano solo]
 - Canto elexiaco, A. 73, «Homenaxe Póstumo a Eduardo Blanco Amor» [violonchelo solo]
 - Canto do arrieiro, A. 24 [Transcripción para violonchelo e piano de Álex Salgueiro]
- Isidro B. Maiztegui (Gualeguay, 1905 - Mar del Plata, 1996)
 - Preludios galegos, op. 28 [piano solo]
- VI. Allegretto moderato, VIII. Lento, I. Andante, III. Lento; IV. Allegro vivace
- Astor Piazzolla (Mar del Plata, 1921 - Buenos Aires, 1992)
 - Le Grand Tango

Homenaxe da Real Filharmonía de Galicia. Data: 9 de xuño de 2022. Lugar: Auditorio de Galicia, Santiago de Compostela⁷.



Imaxe 04. Concerto da Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia, Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2022. De esquerda a dereita: Javier Ares Espiño, Xesús Alonso Montero (dedicatario da obra *Concerto para piano-fagot, cordas e percusión*, A. 106), Maximino Zumalave e Álex Salgueiro.

O 9 de xuño de 2022 tivo lugar este concerto enmarcado nas Xornadas de Música Contemporánea no Auditorio de Galicia. A Real Filharmonía de Galicia estreou o *Concerto para piano-fagot, cordas e percusión*, A. 106 baixo a batuta de Maximino Zumalave e cos solistas Javier Ares Espiño (piano) e Álex Salgueiro (fagot). O programa completouse co *Le Bæsur le toit*, op. 58 de Darius Milhaud e *Sindy*, A. 31 de Carlos López García-Picos.

O programa deste concerto xira en torno a unha viaxe entre América e Europa, a música de vangarda do pasado século XX e á figura de García-Picos. O discurso musical das obras programadas establece múltiples pontes que conectan París e Río de Xaneiro,

ou Bos Aires e Betanzos, a través de tres pezas con linguaxes diversas. Este contexto permite situar a Carlos López García-Picos no contexto internacional no que desenvolveu a maior parte da súa traxectoria creativa.

García-Picos obtivo, en 1957, unha bolsa concedida pola embaixada francesa de Bos Aires para ampliar os seus estudos en París, onde asistiu a clases de composición con Darius Milhaud e por iso escolleuse o seu *Le Bæsur le toit* para abrir este concerto. Completouse o programa con *Sindy*, composta en 1976, xa que representa un dos fitos fundamentais do seu catálogo para a continuación proceder coa estrea do *Concerto para piano-fagot, cordas e percusión*, composta en 2001, que se atopa dentro dunha linguaxe atonal e na que predomina o uso dos mesmos acordes en diversas inversións co obxectivo de lograr un colorido diferente e brillante que lle permite plasmar as súas ideas sonoras e espirituais.

Homenaxe da Orquestra Sinfónica de Galicia en Betanzos. Data: 22 de xuño de 2022. Lugar: Igrexa de Santiago, Betanzos⁸.



Imaxe 05. Concerto da Orquestra Sinfónica de Galicia en Betanzos. Igrexa de Santiago, Betanzos, 22 de xuño de 2022. José Trigueros, director, Nicolás Gómez-Naval, trompa.

A Orquestra Sinfónica de Galicia adicou este concerto á obra de García-Picos integramente como unha homenaxe ao betanceiro na súa propia cidade. O programa, dirixido por José Trigueros, incluíu catro estreas absolutas: *Oda a meus país*, A.91, o *Concierto para trompa y orquesta de cuerdas*, A.53 interpretado polo solista Nicolás Gómez-Naval, a *Elegía para mi inolvidable maestro Jacobo Fischer*, A.115 e *Festa. Sinfonietta*, A.10.

Neste concerto monográfico tívose moi en conta a íntima relación de García-Picos con Betanzos, poboación onde naceu e a onde volveu logo do seu exilio arxentino.

Non podía ser de outro xeito que comezar coa obra *Oda a meus pais*, composta en 1997 xa unha vez retornado, e que está composta cun sentimento moi profundo posto que está adicada «aos seus pais que foron os creadores da súa vida». O *Concierto para trompa y orquesta de cuerdas* tamén foi creado en Betanzos, pero en 1989, e explora o discurso musical contemporáneo mesturando diversas técnicas compositivas, algo común na última etapa creativa de García-Picos. A *Elegía para mi inolvidable maestro Jacobo Ficher* foi composta en 2002, en Betanzos, como homenaxe a quen fora o seu mestre de composición en Bos Aires.

O peche de concerto fíxose con *Festa. Sinfonietta* composta en 1954, é dicir, na súa etapa de Bos Aires. Está inspirada na «Festa na Condomiña» así que asistimos á representación musical desa romaría que tiña lugar os luns e martes de Pascua en Betanzos, con todos os ingredientes que este tipo de festas tradicionais tiñan: misa na pequena capela da Madalena, a Banda Municipal de Música de Betanzos amenizando a festa, postos onde se vendían cacahuets e rosquillas e familias gozando de merendas ao longo do camiño que separa o quiosco no Cantón do citado barrio da Madalena.

Conferencia-Concerto na Real Academia Galega de Belas Artes. Data: 13 de setembro de 2022. Lugar: Sede da Real Academia Galega de Belas Artes. A Coruña.



Imaxe 06. Portada do programa de man da Conferencia-Concerto na Real Academia Galega de Belas Artes, 13 de setembro de 2022.

A Conferencia-Concerto realizada por Javier Ares Espiño enmarcouse na programación cultural dos “Martes das Artes” da Real Academia Galega de Belas Artes e tivo por título «Da Asociación de Jóvenes Compositores de la Argentina á Asociación Galega de Compositores. Conexións atlánticas a través da figura de Carlos López García-Picos». García-Picos foi membro da Asociación de Jóvenes Compositores de la Argentina, membro fundador da Asociación Galega de Compositores e membro fundador da Confederación Española de Asociaciones de Compositores Sinfónicos. Na conferencia

abordouse a actividade deste compositor nestas colectividades musicais; partindo da súa experiencia en Arxentina realizouse un percorrido que permitía analizar o seu papel na constitución das citadas asociacións en España. O repertorio do concerto estivo adicado a obras pianísticas de García-Picos e nel realizouse a estrea absoluta de *2 Invenciones, A. 1* (Bos Aires, 1952) e de *Canto do arriero, A. 24* (Bos Aires, 1966) na súa versión para piano só⁹.

Exposición «Carlos López García-Picos (1922-2009). Música nas marxes do Prata e do Mandeo». Datas: do 19 ao 29 de outubro de 2022. Lugar: Sala de Exposicións Jesús Núñez do Edificio Liceo, Betanzos; Datas: do 15 ao 25 de novembro de 2022. Lugar: Claustro alto do Colexio de Fonseca, Santiago de Compostela.

A exposición estivo comisariada por Javier Ares Espiño e María del Carmen Lorenzo Vizcaíno, e foi organizada por Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, Concello de Betanzos, Universidade de Santiago de Compostela e coa colaboración do I+D+i «Galicia-América: Música civil, ideoloxía e identidades culturais a través do Atlántico (1800-1950)». O deseño foi realizado por Alberto R. Rodríguez Pérez, de Campus na Nube, e as pezas procedían do Arquivo persoal de Teresa López Ares e do Arquivo Municipal de Betanzos.



Imaxe 07. Inauguración da exposición «Carlos López García-Picos (1922-2009). Música nas marxes do Prata e do Mandeo». Sala de Exposicións Jesús Núñez do Edificio Liceo, Betanzos, 19 outubro de 2022. De esquerda a dereita: Javier Ares Espiño, María Barral Varela (Alcaldesa de Betanzos), Teresa López Ares (filla do compositor), María del Carmen Lorenzo Vizcaíno e Javier Garbayo Montabes.

Levaba por título «Carlos López García-Picos (1922-2009). Música nas marxes do Prata e do Mandeo» e recollía as diversas facetas da personalidade do compositor: como creador musical en contacto coas vangardas de Galicia, Bos Aires e París, como director de coros en Bos Aires e París, como dinamizador do asociacionismo musical a ambos marxes do Atlántico e como figura do galeguismo bonaerense. Estaba organizada en cinco bloques temáticos que agrupaban a súa traxectoria nun sentido xeográfico pero desdobrando a súa etapa en Galicia e engadindo un apartado adicado aos seus contactos:

Betanzos (1922-1940)
Bos Aires; 1ª etapa (1940-1957); 2ª etapa (1964-1984)
París (1957-1964)
Conexións a través do Atlántico
Retorno a Galicia (1984-2009)

Foron moi numerosas as amizades que o compositor betanceiro mantivo a ambos marxes do Prata e do Mandeo. Unha desas persoas coas que contactou foi Luísa Villalta, a quen adicou varias das súas creacións musicais. Na exposición incorporáronse dous tótems nos que se ilustraba con imaxes esa amizade e onde figuraban as delicadas verbas que a violinista e poetisa coruñesa lle adicou a García-Picos. Outro elemento engadido foi un cronograma, que permitía entender nunha rápida ollada esa viaxe palíndroma que Carlos realizou dende Betanzos, coa posterior emigración a Bos Aires, a estancia de estudos en París, o regreso a Bos Aires e a última etapa de retorno á súa cidade natal, Betanzos.



Imaxe 08. Inauguración da exposición «Carlos López García-Picos (1922-2009). Música nas marxes do Prata e do Mandeo». Claustro alto do Colexio de Fonseca, Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2022. De esquerda a dereita: Javier Ares Espiño, Anxo Lorenzo (Secretario Xeral de Cultura da Xunta de Galicia), Pilar Murias (Vicerreitora de Estudantes e Cultura da Universidade de Santiago de Compostela) e Andrés Teijo Hermida (Concelleiro de Urbanismo, Casco Histórico, Patrimonio, Educación e Deporte do Concello de Betanzos).

A exposición propoñía unha viaxe visual, pero tamén unha viaxe sonora a través de nove gravacións. O paseo sonoro levábanos a través dalgúns das súas obras máis representativas pero co propio García-Picos como anfitrión, ilustrando coa súa voz algunhas pasaxes da súa vida nunha entrevista realizada polo barítono, escritor e crítico musical Antón de Santiago en Radio Galega no ano 1988. O mecanismo para realizar esta visita sonora foi mediante un dos códigos QR que figuraban no espazo. Os outros dous códigos QR estaban destinados ao catálogo ou programa da exposición¹⁰ e á publicación da biografía do compositor¹¹.

Presentación do Primeiro Concurso de Composición de Música de Cámara Carlos López García-Picos. XI Memorial Carlos López García-Picos. Data: 19 de outubro de 2022. Lugar: Betanzos.

No ano 2012 tivo lugar o I Memorial Carlos López García-Picos organizado polo Concello de Betanzos. As actividades nesa edición foron unha exposición no Edificio de Liceo de Betanzos, comisariada por Alfredo Erias, José María Veiga e Javier Ares Espiño ademais dun concerto do Dúo Scaramouche no Teatro-Cine Alfonsetti e unha actuación musical da agrupación Zoar Ensemble na Aula de Cultura Xulio Cuns desa localidade. Dende entón sucedéronse as edicións cada outono con múltiples concertos, charlas e publicacións ata alcanzar a XI edición en 2022, coincidindo coa conmemoración do 100 aniversario do nacemento do compositor¹².

Este momento especial no percorrido da recuperación e posta en valor da figura do creador betanceiro foi o que motivou a transformación do Memorial nun Concurso de Composición de Música de Cámara que levará o seu nome e que se celebrará anualmente cada outono. O Concello de Betanzos, a través deste concurso, busca manter viva a memoria do compositor betanceiro, xa que el foi exemplo dunha actitude de solidariedade cos compositores da súa contorna, tanto en Bos Aires, colaborando na actividade da Asociación de Jóvenes Compositores de la Argentina, como na súa volta a Galicia, participando na creación da Asociación Galega de Compositores.

Na presentación do I Concurso de Composición de Música de Cámara Carlos López García-Picos adiantáronse algunhas das características concretas desta convocatoria: participárase con composicións orixinais, inéditas e sen estrear, cada ano centrárase nunha formación de música de cámara distinta, a partitura do gañador será publicada polo Concello de Betanzos e a deliberación do xurado producirase tras un concerto público onde se interpretarán as obras finalistas. É polo tanto este un proxecto de futuro que integra a homenaxe anual a García-Picos –o Memorial– coa dinamización da creación musical galega.

Congreso ENIM 2022. XI Encontro de Investigación em Música, Departamento de Comunicação e Arte da Universidade de Aveiro. Data: 12 de novembro de 2022. Lugar: Aveiro, Portugal.

A comunicación de Javier Ares Espiño neste congreso levaba por título «Una propuesta tonal en el catálogo de Carlos López García-Picos: *6 pequeñas piezas infantiles en sol menor, A. 57*»¹³. A obra pianística de García-Picos representa unha das columnas básicas do seu catálogo, xa que abrangue o 21% do conxunto. Ao piano adicoulle as súas primeiras partituras e, tras moito tempo, retomou a composición para este instrumento tralo seu regreso a Betanzos en 1984. Este dato resulta especialmente relevante se temos en conta que a súa formación musical comezou co seu pai, clarinetista, e vencellada á Banda Municipal de Música de Betanzos. Sen embargo, o piano converteuse no seu instrumento vehicular para a creación musical e tamén nun dos seus xéneros predilectos.



Imaxe 09. Congreso ENIM 2022. XI Encontro de Investigación em Música, Departamento de Comunicação e Arte da Universidade de Aveiro. Javier Ares Espiño ao piano e António Vasconcelos como moderador. Auditório Complexo das Ciências de Comunicação e Imagem, Aveiro, Portugal, 12 de novembro de 2022.

Na comunicación abordouse a obra *6 pequeñas piezas infantiles en sol menor*, A. 57. As disonancias, que caracterizan gran parte da obra dun García-Picos enmarcado plenamente na vangarda musical bonaerense, aparecen aquí suavizadas e dentro dun entorno tonal que non é frecuente nas súas creacións. Os enfoques desde o punto de vista do repertorio pedagóxico ou das dedicatorias nas súas obras –a que nos ocupa está dedicada á súa neta maior, Lara– tamén contribúen a unha maior profundización no universo creativo deste compositor galego-arentino.

Xornada «Asociación Galega de Compositores: Músicas, proxectos e amizades en 35 anos de historia». Data: 26 de novembro de 2022. Lugar: Centro Galego de Arte Contemporánea, Santiago de Compostela.

Tal e como tratamos ao longo deste artigo, no ano 2022 celebrouse o centenario do nacemento de Carlos López García-Picos, pero tamén coincidiu outro fito de especial relevancia na cultura galega: os 35 anos dende a fundación da Asociación Galega de Compositores. Esta institución –que foi fundada no ano 1987– é unha das máis lonxevas de España no seu ámbito, mantendo unha actividade continua na promoción e posta en valor da creación musical en Galicia.



Imaxe 10. Xornada «Asociación Galega de Compositores: Músicas, proxectos e amizades en 35 anos de historia». 26 de novembro de 2022, Centro Galego de Arte Contemporánea, Santiago de Compostela. De esquerda a dereita: Juan Durán, Paulino Pereiro, María del Carmen Lorenzo Vizcaíno, Margarita Viso e Xosé Carlos Seráns.

O acto foi organizado polo Concello de Santiago e a Asociación Galega de Compositores coa colaboración do Centro Galego de Arte Contemporánea, e consistiu na celebración dunha mesa redonda e dun concerto. A charla foi moderada por María del Carmen Lorenzo Vizcaíno e puxo o foco no percorrido pola traxectoria da institución a través das diversas etapas delimitadas polos compositores que ocuparon o cargo de presidencia. Contou coa participación dos presidentes desta entidade Juan Durán, Paulino Pereiro, Margarita Viso e Xosé Carlos Seráns. O programa do concerto incluíu obras para clarinete e piano dos Socios de Honra da Asociación Galega de Compositores: Jesús Bal y Gay e Carlos López García-Picos. Antonio Suárez Saavedra (clarinete) e Javier Ares Espiño (piano) interpretaron a *Sonata para clarinete y piano* (1947) de Bal e *Motivaciones I, A. 27* (1972) de García-Picos.

Consello da Cultura Galega. Data: 21 de decembro de 2022. Publicación web.

No mes de febreiro de 2022 iniciáronse os actos en conmemoración do nacemento do compositor Carlos López García-Picos (Betanzos, 19 de outubro de 1922) coa xornada organizada polo Consello da Cultura Galega, na que se realizaron diversas palestras e presentouse a edición das partituras das súas obras para violín e violonchelo. Esta mesma institución pechou o conxunto de actividades en decembro de 2022 coa presentación da primeira gravación da súa obra sinfónica *Sindy, A. 31*, procedente do Fondo Pampillón e localizado no Arquivo Sonoro de Galicia¹⁴.

Segundo Pampillón foi un emigrante galego que tivo unha intensa participación nas actividades culturais do asociacionismo bonaerense. Durante toda a súa vida compilou unha relevante colección integrada por numerosas bobinas, entre as que destacan un grupo de gravacións ligadas á radio de Bos Aires. Actualmente, toda esta colección forma parte do Arquivo Sonoro de Galicia e foi no transcurso da investigación neste fondo cando se localizou o rexistro sonoro de *Sindy*. A alta calidade do rexistro sonoro e a constatación de que a gravación se produxo nun concerto público evidencian que se corresponde coa estrea absoluta de *Sindy*, o 8 de agosto de 1976 dentro da Tempada Oficial do Teatro Colón, interpretada pola Orquestra Filarmónica de Bos Aires e baixo a dirección de Mario Benzecry.

Este colofón do “ano García-Picos”, co rescate da gravación dunha estrea de gran relevancia na creación musical galega, pon en evidencia novamente algunhas das características esenciais da súa figura mediante a captura sonora dun momento histórico: un representante da galegitude migrante no contexto da vangarda artística dos anos 70 en Bos Aires.

Outras actividades e publicacións

Noutros ámbitos tamén se realizaron publicacións e conferencias que están directamente relacionados con Carlos López García-Picos:

- Comunicación no V Congreso Internacional, Asociación Regional para América Latina y el Caribe de la Sociedad Internacional de Musicología, ARLAC / IMS (20-22 de abril de 2022). Autor: Javier Ares Espiño.
- Comunicación no Congreso Internacional «Música, Política e sociedade. Ecos do liberalismo no mundo iberoamericano» (13-14 de maio de 2022, Lisboa). Autor: Javier Ares Espiño.
- Artigo en *Álbum de Galicia* de Consello da Cultura Galega. Autor: Javier Ares Espiño.
- Artigo en revista *Grial* nº 233, «Correspondencia entre Xosé Neira Vilas e Carlos López García-Picos. O reencontro de dous vellos amigos». Autores: María del Carmen Lorenzo Vizcaíno e Javier Ares Espiño.
- Artigo en revista *Quintana* nº 22 (2023), «De la Asociación de Jóvenes Compositores de la Argentina a la Asociación Galega de Compositores. Conexiones Atlánticas a través de la figura de Carlos López García-Picos».. Autor: Javier Ares Espiño.
- Artigo «10 anos do Memorial Carlos López García-Picos: a homenaxe de Betanzos ao seu músico máis internacional», *Anuario Brigantino 2021*, nº 44, Betanzos 2022, pp. 233-242. Autor: Javier Ares Espiño.
- Capítulo de libro titulado «Carlos López García-Picos en las colectividades gallegas de la Argentina», *Galicia-América: Cantos de emigración e exilio (1875-1951)*. Ed. Montserrat Capelán e Carlos Villanueva, Editorial Alvarellos, 2022, pp. 311-341. Autor: Javier Ares Espiño.



Imaxe 11. Portada do catálogo da exposición «Carlos López García-Picos (1922-2009). Música nas marxes do Prata e do Mandeo».

NOTAS

¹ Javier Ares Espiño–María del Carmen Lorenzo Vizcaíno (2022), «Correspondencia entre Xosé Neira Vilas e Carlos López García-Picos. O reencontro de dous vellos amigos», *Grial* nº 233, xaneiro, febreiro e marzo.

² Para recompilar información sobre todos os actos organizados en conmemoración do centenario do nacemento de Carlos López García-Picos deseñamos uns espazos web nos que periódicamente se foi actualizando a información ata o peche do ano 2022: <https://www.javierares.gal/centenarioclgp> <https://www.javierares.gal/centenarioclgp-eventos> [Consulta realizada o 22/03/2023].

³ No seguinte enlace pódese consultar e descargar a edición das partituras *Obras para violín e violonchelo de Carlos López García-Picos* <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4443> [Consulta realizada o 22/03/2023].

⁴ A xornada foi presencial e tamén puido seguirse en directo a través da web e das redes sociais do Consello da Cultura Galega. Posteriormente os vídeos de cada sección desta xornada foron subidos á canle de Youtube do Consello da Cultura Galega <https://www.youtube.com/playlist?list=PLbzZhpY4MXM1BIN0csznGe4U-jns4udE> [Consulta realizada o 22/03/2023].

⁵ Na canle Youtube da Deputación da Coruña figuran os vídeos do Concerto de Mariñán 2022: https://www.youtube.com/playlist?list=PLbzZhpY4MXOZrHFoppdY_DVg0gy_ijj6 [Consulta realizada o 22/03/2023].

⁶ Na canle Youtube da Deputación da Coruña figura unha selección de vídeos do Ciclo de Concertos Carlos López García-Picos. 1922-2022 Centenario do nacemento. Deputación da Coruña <https://www.youtube.com/playlist?list=PLbzZhpY4MXNNbzEpDd8LHu08EjsAWqOW> [Consulta realizada o 22/03/2023].

⁷ Na canle Youtube da Real Filharmonía de Galicia figuran as obras de Carlos López García-Picos interpretadas neste concerto https://youtube.com/playlist?list=PLbzZhpY4MXOOuOSIvXewM6H7IQvPlj6_&si=9rk3C-zp3dmh1v6Lb [Consulta realizada o 22/03/2023].

⁸ Luis Suñén, «Betanzos. Carlos López García-Picos: luchar contra el olvido», *Scherzo*, 24/06/2022. <https://scherzo.es/betanzos-carlos-lopez-garcia-picos-luchar-contra-el-olvido/> [Consulta realizada o 22/03/2023].

⁹ Na canle Youtube da Real Academia Galega de Belas Artes publicouse esta Conferencia-Concerto <https://www.youtube.com/watch?v=PqD1NktEmZg&list=PLbzZhpY4MXPI9cPb-tMqTQMxDZ2SA64g> [Consulta realizada o 22/03/2023].

¹⁰ Catálogo da exposición «Carlos López García-Picos (1922-2009). Música nas marxes do Prata e do Mandeo», Betanzos, 2022. Autores: Javier Ares Espiño e María del Carmen Lorenzo Vizcaíno https://www.javierares.gal/_files/ugd/9186a4_9badd8944d3e4547871e48ad4a4cde2d.pdf [Consulta realizada o 22/03/2023].

¹¹ Ares Espiño, Javier: *Carlos López García-Picos. Música a orillas del Atlántico*, USC–Xunta de Galicia–Concello de Betanzos, Santiago de Compostela, 2016.

¹² Javier Ares Espiño, «10 anos do Memorial Carlos López García-Picos: a homenaxe de Betanzos ao seu músico máis internacional», *Anuario Brigantino* 2021, no 44, Betanzos 2022, pp. 233-242.

¹³ Grupo Organistrum. Traballo realizado dentro do I+D+i «Galicia-América: Música civil, ideoloxía e identidades culturais a través do Atlántico (1800-1950)» (PID2020-115496RB-I001) AEI/10.13039/501100011033 e do proxecto «Estudios Históricos de Música en Galicia (ss. XI-XX)» financiado pola Xunta de Galicia dentro das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas (GPC) (ED431B 2021/09).

¹⁴ Publicación en internet da gravación da estrea da obra sinfónica Sindy (8 de agosto de 1976, Teatro Colón de Bos Aires), conservada nos fondos do Arquivo Sonoro de Galicia, 21 de decembro de 2022 <http://consellodacultura.gal/especiais/centenario-de-garcia-picos/index.php> [Consulta realizada o 22/03/2023].

BIBLIOGRAFÍA

- ARES ESPÍÑO, Javier (2016), *Carlos López García-Picos. Música a orillas del Atlántico*, Editado polo Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela-Consellería de Cultura da Xunta de Galicia-Concello de Betanzos, Santiago de Compostela.
- ARES ESPÍÑO, Javier–LORENZO VIZCAÍNO, María del Carmen (2022) «Correspondencia entre Xosé Neira Vilas e Carlos López García-Picos. O reencontro de dous vellos amigos», *Grial* n.º 233, xaneiro, febreiro e marzo.
- ARES ESPÍÑO, Javier–LORENZO VIZCAÍNO, María del Carmen (2022), *Catálogo da exposición «Carlos López García-Picos (1922-2009). Música nas marxes do Prata e do Mandeo»*, Betanzos.
- ARES ESPÍÑO, Javier (2022), «10 anos do Memorial Carlos López García-Picos: a homenaxe de Betanzos ao seu músico máis internacional», *Anuario Brigantino* 2021, n.º 44, Betanzos, pp. 233-242.
- CUNS LOUSA, Julio (1987), «La Banda Municipal de Betanzos en el siglo XX», *Anuario Brigantino* 1986, n.º 9, Betanzos, pp. 161-165.
- FOUZ MORENO, María (2022), *La música de Isidro B. Maiztegui Pereiro en el contexto hispano-argentino. Migración, cine y sonidos de la identidad*, Libargo Editorial, Granada.
- GRANDÍO SEOANE, Emilio (1996), «Os primeiros meses da Guerra. Betanzos, Xullo-Novembro de 1936», *Anuario Brigantino* 1995, n.º 18, Betanzos, p. 169.
- LÓPEZ ARES, Teresa Beatriz (2011), «Carlos López García-Picos. El hombre del sombrero, “lembrazas da filla”», *Anuario Brigantino* 2010, n.º 33, Betanzos pp. 515-524.
- LÓPEZ GARCÍA [-Picos], Carlos (1962), «Betanzos y la Música», *Betanzos, Revista del Centro Betanzos de Buenos Aires*, Año LVII n.º 58, agosto, pp. 10-11.
- SUÑÉN, Luis (2022), «Betanzos. Carlos López García-Picos: luchar contra el olvido», *Scherzo*, 24/06/2022.
- TORRES REGUEIRO, Xesús (2007), «1936-1939 As vítimas betanceiras da represión», *Anuario Brigantino* 2006, n.º 29, Betanzos, p. 275.
- TORRES REGUEIRO, Xesús (2010), «Conversas co compositor Carlos López García. Os anos da Madalena (1922-1940)», *A Xanela* n.º 30, Betanzos, p. 20.
- TORRES REGUEIRO, Xesús (2011), «Conversas co compositor Carlos López García. Os anos de Buenos Aires (1940-1984)», *A Xanela* n.º 31, Betanzos, p. 26.
- VISO SOTO, Margarita (2015), ««Desta imos presos». A miña relación con Carlos López-García», *Anuario Brigantino* 2014, n.º 37, Betanzos, pp. 497-504.